



BOP

MÉRCORES, 8 DE FEBREIRO DE 2023

N.º 032

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

ABADÍN

Anuncio

Modificación da periodicidade de celebración sesións ordinarias Xunta de Goberno Local

Dacordo co disposto no artigo 112 do Real Decreto 112.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais o Pleno do Concello de Abadín en sesión ordinaria de 27.01.2023 aprobou a modificación da periodicidade de celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, a cal se creou mediante acordo plenario en sesión extraordinaria de 28.06.2019.

A nova periodicidade de celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local será o primeiro e terceiro luns de cada mes ás 10.00 horas, no caso de coincidir en festivo, celebrarase o seguinte luns á mesma hora.

O cal se fai público para o seu xeral coñecemento.

Abadín, 1 de febreiro de 2023.- O Alcalde-Presidente, José María López Rancaño.

R. 0305

Anuncio

Exposición pública e anuncio de cobranza - Padrón Fiscal Servizo de Axuda no Fogar

A Xunta de Goberno Local do Concello de Abadín en sesión celebrada o 16.01.2023 aprobou inicialmente o Padrón Fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente aos meses de outubro, novembro e decembro de 2022, tanto na modalidade básica como de dependencia.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao seu pagamento, que dispoñen dun prazo de QUINCE (15) días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o Alcalde - Presidente, no prazo de UN (1) mes, contado desde a data de finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia. Contra a resolución do recurso de reposición, non caberá de novo dito recurso.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Anuncio de cobranza

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, DOUS (2) meses a contar dende o día ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias designadas. Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo fiscal do suxeito pasivo por correo postal para que poidan efectuar o seu pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso, das costas do procedemento.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da devandita Lei 58/2003.

Abadín,.30 de xaneiro de 2023.- O Alcalde-Presidente, José María López Rancaño.

R. 0306

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobado por Decreto de Alcaldía o Padrón fiscal do servizodas Escolas Deportivas Municipaiscorrespondente ao mes de decembro de 2022, que comprende un total de 259recibos por un importe de 2.943,20 euros.

O Padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación do correspondente Padrón, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ao do remate da exposición pública do correspondente Padrón.

A cobranza en período voluntario das taxas do padróndo servizo das Escolas Deportivas Municipais correspondentes ao mes de decembro de 2022, terá lugar dende o día 28/01/2022 ao 28/03/2023 (ambos incluídos). Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Guitiriz, 25 de xaneiro de 2023.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 0307

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CRÉDITOS06/2023

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste Concello, o día 30 de xaneiro de 2023,o expediente núm. 06/2023 de modificación de créditos baixo a modalidade de crédito extraordinario por importe de 3.826.678,65€, financiado con operación de crédito, segundo o previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de FacendasLocais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, de non producirse alegaciónsentenderase aprobado con carácter definitivo.

Monforte de Lemos, 31 de xaneiro de 2023.- O ALCALDE, JOSÉ TOMÉ ROCA. P.D. Decreto 2022 / 000127 de data 24.01.2022, A PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE, GLORIA PRADA RODRÍGUEZ.

R. 0308

OUTEIRO DE REI

Anuncio

Por Resolución da alcaldía de data 31 de xaneiro de 2023, aprobose o Padrón Tributario da taxapola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondenteao 6º bimestre do exercicio 2022, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do

presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido no Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 1 de febreiro ata o 15 de febreiro de 2023. Contra o acto de aprobación do padrón e da liquidación de tributos municipais incorporada a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas do municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exigencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Outeiro de Rei, 31 de xaneiro de 2023.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 0309

A PASTORIZA

Anuncio

EXPEDIENTE: 661/2022

ASUNTO: PEÓNS BRIGADA SERVIZOS BÁSICOS. OEP 2022. ESTABILIZACIÓN

DECRETO DA ALCALDÍA – PRESIDENCIA

D. PRIMITIVO IGLESIAS SIERRA // Na Pastoriza, na data da sinatura

Vistas as bases reguladoras do proceso de estabilización para a selección de persoal laboral fixo para cubrir 3 prazas de peón da Brigada de servizos básicos do concello da Pastoriza.

No exercicio das competencias que me confire a vixente lexislación sobre réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Aprobar a seguinte listaxe DEFINITIVA de admitidos e excluídos:

- ADMITIDOS:

APELIDOS E NOME	DNI	PROBA GALEGO
GRANDÍO PAZ MARIO	***2168**	NON
RODRÍGUEZ RÍO EDUARDO	***7815**	SI
ROBERTO MOIRÓN PACIO	***3629**	NON
BRAÑA GARCÍA ANTONIO	***4810**	NON
IGLESIAS GARCÍA MIGUEL ÁNGEL		NON
CORBELLE ARES JOSÉ	***8534**	NON
CANTO DIAZ JOSÉ LUÍS	***4211**	NON
LEDO PENA ALBERTO	***5975**	NON
UZ RODRÍGUEZ RUBÉN	***4374**	NON

- EXCLUÍDOS

NINGÚN

SEGUNDO: Esta resolución publicarase no Boletín Oficial de Provincia e na sede electrónica, e contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao da súa publicación no Boletín oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co establecido na LPAC, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no Art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa. O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar

o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

A Pastoriza, 1 de febreiro de 2023.- O alcalde, Primitivo Iglesias Sierra.

R. 0310

Anuncio

EXPEDIENTE 808/2022

ASUNTO: PEÓNS BRIGADA LIMPEZA E MANTEMENTO DA REDE VIARIA MUNICIPAL. OEP 2022. ESTABILIZACIÓN .

DECRETO DA TENENCIA DE ALCALDÍA

Vistas as bases reguladoras do proceso excepcional para a consolidación e estabilización de tres postos de traballo de persoal laboral fixo discontinuo da Brigada de limpeza e mantemento da rede viaria municipal.

No exercicio das competencias atribuídas polo decreto de delegación de competencias da Alcaldía de data 02/09/2019, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Aprobar a seguinte listaxe DEFINITIVA de admitidos e excluídos:

- ADMITIDOS:

APELIDOS E NOME	DNI	PROBA GALEGO
SECO CORNIDE VALENTÍN	***2536**	SI
SECO CORNIDE JOSÉ LUÍS	***0387**	SI
SECO EDREIRA GIOVANNI	***8534**	SI
CORBELLE ARES JOSÉ	***8534**	NON
CANTO DIAZ JOSÉ LUÍS	***4211**	NON
LEDO PENA ALBERTO	***5975**	NON
UZ RODRÍGUEZ RUBÉN	***4374**	NON

- EXCLUÍDOS

NINGÚN

SEGUNDO: Esta resolución publicarase no Boletín Oficial de Provincia e na sede electrónica, e contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao da súa publicación no Boletín oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co establecido na LPAC, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no Art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa. O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

A Pastoriza, 1 de febreiro de 2023.- A Tenente de Alcalde, Elva Carrera González

R. 0311

Anuncio

EXPEDIENTE: 822/2022

ASUNTO: FUNCIONARIO SERVIZO DE AUGAS .OEP 2022. ESTABILIZACIÓN

DECRETO DA ALCALDÍA – PRESIDENCIA

D. PRIMITIVO IGLESIAS SIERRA // Na Pastoriza, na data da sinatura

Vistas as bases reguladoras do proceso excepcional para a consolidación e estabilización do posto de traballo de funcionario operario de servizos especiais adscrito ó servizo de augas deste concello.

No exercicio das competencias que me confire a vixente lexislación sobre réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Aprobar a seguinte listaxe DEFINITIVA de admitidos e excluídos:

- **ADMITIDOS:**

APELIDOS E NOME	DNI	PROBA GALEGO
IGLESIAS SEIVANE CATALINA	***7812**	NON

- **EXCLUÍDOS**

NINGÚN

SEGUNDO: Esta resolución publicarase no Boletín Oficial de Provincia e na sede electrónica, e contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao da súa publicación no Boletín oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co establecido na LPAC, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no Art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa. O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

A Pastoriza, 1 de febreiro de 2023.- O alcalde, Primitivo Iglesias Sierra.

R. 0312

Anuncio

EXPEDIENTE 835/2022

ASUNTO: PERSOAL DE APOIO PAI. OEP 2022. ESTABILIZACIÓN

DECRETO DA TENENCIA DE ALCALDÍA

Vistas as bases reguladoras do proceso excepcional para a consolidación e estabilización do posto de traballo de persoal laboral fixo de **PERSOAL DE APOIO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA.**

No exercicio das competencias atribuídas polo decreto de delegación de competencias da Alcaldía de data 02/09/2019, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Aprobar a seguinte listaxe PROVISIONAL de admitidos e excluídos:

- **ADMITIDOS**

APELIDOS E NOME	DNI	PROBA GALEGO
ÓNEGA CASTRO LUCÍA	***5045**	NON
VALLE LOVELLE RAQUEL	***4517**	NON
COIDO RICO CARMEN	***2576**	NON
IGLESIA MAZOY MARIA DOLORES	***4015**	NON
PACIO BARJA TANIA	***5161**	NON
LUENGO EDROSA JOSEFA	***4778**	NON
AMADO FERREIRO ALBA MARÍA	***9029**	NON

- **EXCLUÍDOS**

APELIDOS E NOME	DNI	MOTIVO EXCLUSIÓN
SERÉN SERÉN ISABEL	***3757**	NON ACREDITA TITULACIÓN ESIXIDA NAS BASES

SEGUNDO: Esta resolución publicarase no Boletín Oficial de Provincia e na sede electrónica, relacionándose os aspirantes excluídos con indicación da causa de exclusión. Os excluídos disporán do prazo de dez días hábiles a efectos de reclamacións ou corrección das deficiencias sinaladas.

A Pastoriza, 01 de febreiro de 2023.- A Tenente de Alcalde, Elva Carrera González.

R. 0313

*Anuncio***EXPEDIENTE 832/2022****ASUNTO: TÉCNICO DE EDUCACIÓN INFANTIL PAI. OEP 2022. OEP 2022. ESTABILIZACIÓN****DECRETO DA TENENCIA DE ALCALDÍA**

Vistas as bases reguladoras do proceso excepcional ara a consolidación e estabilización do posto de traballo de persoal laboral fixo de **TÉCNICO DE EDUCACIÓN INFANTIL DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA**.

No exercicio das competencias atribuídas polo decreto de delegación de competencias da Alcaldía de data 02/09/2019, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Aprobar a seguinte listaxe PROVISIONAL de admitidos e excluídos:

- ADMITIDOS:

APELIDOS E NOME	DNI	PROBA GALEGO
VARELA VILLAR VERÓNICA	***8622**	NON
ÓNEGA CASTRO LUCÍA	***5045**	NON
VALLE LOVELLE RAQUEL	***4517**	NON
DARRIBA MÉNDEZ SANDRA	***5087**	NON
LUENGO EDROSA JOSEFA	***4778**	NON
AMADO FERREIRO ALBA MARÍA	***9029**	NON
PACIO BARJA TANIA	***5161**	NON

- EXCLUÍDOS

APELIDOS E NOME	DNI	MOTIVO EXCLUSIÓN
GARCÍA COUSO DIEGO	***5979**	NON ACREDITA TITULACIÓN ESIXIDA NAS BASES
SERÉN SERÉN ISABEL	***3757**	NON ACREDITA TITULACIÓN ESIXIDA NAS BASES
CASTRO PRIETO ALBA	***8207**	NON ACREDITA TITULACIÓN ESIXIDA NAS BASES

SEGUNDO: Esta resolución publicarase no Boletín Oficial de Provincia e na sede electrónica, relacionándose os aspirantes excluídos con indicación da causa de exclusión. Os excluídos disporán do prazo de dez días hábiles a efectos de reclamacións ou corrección das deficiencias sinaladas.

A Pastoriza, 1 de febreiro de 2023.- A Tenente de Alcalde, Elva Carrera González.

R. 0314

*Anuncio***EXPEDIENTE 795/2022****ASUNTO: AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL. OEP 2022. ESTABILIZACIÓN**

Vistas as bases reguladoras do proceso excepcional para a consolidación e estabilización do posto de traballo de persoal laboral fixo de **AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL**.

No exercicio das competencias que me confire a vixente lexislación sobre réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Aprobar a seguinte listaxe provisional de admitidos e excluídos:

- ADMITIDOS:

APELIDOS E NOME	DNI	PROBA GALEGO
GARCIA COUSO DIEGO	***5979**	NON
SANDAMIL EXPOSITO MARILUZ	***4056**	NON
GONZÁLEZ NEIRA MARÍA SOLEDAD	***3043**	NON

- EXCLUÍDOS

APellidos e Nome	DNI	Motivo
RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ MARIA FLORA	***0754**	PRESENTACIÓN FORA DE PRAZO
MERCEDES CAMPOS CASARES	***1973**	PRESENTACIÓN FORA DE PRAZO

SEGUNDO: Esta resolución publicarase no Boletín Oficial de Provincia e na sede electrónica, relacionándose os aspirantes excluídos con indicación da causa de exclusión. Os excluídos disporán do prazo de dez días hábiles a efectos de reclamacións ou corrección das deficiencias sinaladas.

A Pastoriza, 1 de febreiro de 2023.- Alcalde Presidente, Primitivo Iglesias Sierra.

R. 0315

*Anuncio***EXPEDIENTE 811/2022****ASUNTO: MONITORES DEPORTIVOS. OEP 2022. ESTABILIZACIÓN****DECRETO DA TENENCIA DE ALCALDÍA**

Vistas as bases reguladoras do proceso excepcional para a consolidación e estabilización de persoal laboral fixo discontinuo de **DOUS MONITORES DEPORTIVOS**.

No exercicio das competencias atribuídas polo decreto de delegación de competencias da Alcaldía de data 02/09/2019, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Aprobar a seguinte listaxe DEFINITIVA de admitidos e excluídos:

- ADMITIDOS

APellidos e Nome	DNI	PROBA GALEGO
ALDARIZ ESTEBAN ÁLVARO	***4854**	NON
GARCÍA ROZAS JUAN MANUEL	***4990**	NON
ROMERO BARRAGÁN LIDIA MARÍA	***4327**	SI

- EXCLUÍDOS**NINGÚN**

SEGUNDO: Esta resolución publicarase no Boletín Oficial de Provincia e na sede electrónica, e contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao da súa publicación no Boletín oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co establecido na LPAC, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no Art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa. O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no casode superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

A Pastoriza, 1 de febreiro de 2023.- A Tenente de Alcalde, Elva Carrera González.

R. 0316

RÁBADE*Anuncio*

ASUNTO: Lista provisional de admitidos no procedemento de selección dunha praza de técnico en prevención de drogodependencias e outros trastornos aditivos (estabilización emprego temporal artigo 2 da 20/2021, de 28 de decembro).

Con data de 1 de febreiro actual a Alcaldía procedeu a ditar a seguinte resolución:

DECRETO DE ALCALDÍA.- Rábade, a 1 de febreiro de 2023.

Rematado o prazo de presentación de instancias establecido na cláusula cuarta das bases reguladoras do proceso selectivo para a provisión polo sistema de acceso libre mediante concurso oposición (artigo 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro) de 1 praza de técnico en prevención de drogodependencias e outras condutas adictivas.

Unha vez examinadas as instancias presentadas, de acordo coas mencionadas bases de selección e no exercicio das facultades atribuídas a esta Alcaldía polo art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, RESOLVO:

Primeiro: Aprobar provisionalmente a seguinte lista de admitidos e excluídos:

ADMITIDOS:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI
1	Barreiro Domínguez, María	*****519-E
2	Fernández Carpintero, Yaiza	*****081-B

EXCLUÍDOS: Ningún

Segundo: Outorgar un prazo de 15 días hábiles, a partir do día seguinte á publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na sede electrónica municipal <https://rabade.sedelectronica.gal> para que calquera os interesados que o consideren oportuno proceda a subsanar as deficiencias ou presentar as alegacións que estimen oportunas contra a citada lista provisional de admitidos. No caso de que no citado prazo non se presentasen reclamacións contra a lista provisional, entenderase como definitiva.

Terceiro: De conformidade co previsto na cláusula quinta das Bases de selección (BOP nº 287 de 17 de decembro de 2022) proceder a designar o seguinte Tribunal cualificador das probas:

Presidenta:

- Titular: D^a. Natalia Puente Piñeiro (Traballadora Social do Concello de Begonte); suplente D^a. Ángeles Corral Debasa (Traballadora Social do Concello de Rábade).

Secretario:

- Titular: D. Jose Angel Balseiro Amido (funcionario de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Rábade); suplente D. Julio González Casanova (funcionario de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Friol).

Vogais:

- 1.º vogal: D^a. Ana Isabel Torres Fernández (Traballadora Social do Concello de Castro de Rei); suplente: D^a Eva Paz Bermúdez (Traballadora Social do Concello de Vilalba).

- 2.º vogal: D^a. Blanca Arrojo Farelo (Traballadora Social do Concello de Outeiro de Rei), suplente: D^a. Nuria Laguela Felpeto (Traballadora Social do Concello de Xermade).

- 3º vogal: D. Pablo Veiga López-Castelo (Traballador Social do Concello de Friol) suplente: D^a. Silvia Vázquez Orejas (Técnica de cultura e deporte do Concello de Rábade).

Asesora especialista:

Lidia Platas Ferreiro (Psico-pedagoga do Servizo de prevención de drogodependencias e outras adicións comportamentais do Concello de Lugo).

Cuarto: Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na sede electrónica municipal <https://rabade.sedelectronica.gal>. Este acordo constitúe un acto de trámite polo que pode formular cantas alegacións estime oportunas para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento (artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

Igualmente, se estima que o dito acto decide directa ou indirectamente o asunto de fondo, determina a imposibilidade de continuar o procedemento, produce indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, pode interpoñer, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa notificación, un recurso potestativo de reposición, que terá que fundamentar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións estime oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.

Rábade, 1 de febreiro de 2023.- O alcalde, D Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 0317

RIBADEO

Anuncio

Resolución de Alcaldía núm. 2023-0063 do Concello de Ribadeo pola que, concluído o procedemento selectivo, noméase persoal para cubrir a praza de **Técnico de Medio Rural, posto número 0708 da actual RPT municipal**.

Por Resolución de Alcaldía núm. 2023-0063 de data 30 de xaneiro de 2023, una vez concluído o proceso de selección, efectuouse o nomeamento de:

Identidade	DNI
Iria DE LUIS IGLESIA	***5458***

Características da praza:

Servizo/Dependencia	Medio Rural/Obras/ Medio Ambiente
Ide. Posto	0708/RPT
Denominación do posto	Técnico Medio Rural
Natureza	Funcionario carreira
Nomeamento	30/01/2023
Escala	Administración Especial
Subescala	Técnica
Clase/Especialidade	Técnico Medio Rural
Grupo/Subgrupo	B

O que se fai público aos efectos do artigo 62 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, e artigo 25.2 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

Ribadeo, 30 de xaneiro de 2023.- O ALCALDE, FERNANDO SUAREZ BARCIA.

R. 0318

SAMOS

*Anuncio***Decreto de Alcaldía**

Expediente nº: 43/2023

Procedemento: Seleccións de persoal e provisións de postos. Contratación en réxime laboral temporal de 1 limpadora durante 6 meses, a financiar ao abeiro do Programa Reforzo do Emprego.

Asunto: Aprobación de bases e convocatoria

DECRETO DE ALCALDÍA

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo na sesión ordinaria que tivo lugar o 27/12/2022 aprobou as Bases Reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2023, as cales foron publicadas no BOP de Lugo nº 006 o día 09/01/2023, correspondendo a este concello unha asignación de 284.719,95€.

Visto cá limpadora actual remata o contrato o día 28/02/2023 e debido a necesidade de manter este servizo activo é convinte comezar co proceso selección dun novo limpador/a, a xornada completa durante 6 meses, réxime xurídico laboral, categoría profesional: limpador.

Visto que o día 2 de febreiro de 2023 a Xunta de Goberno Local acordou participar no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2023 da Deputación de Lugo, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade.

Visto que segundo a base 11ª das reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2023, poderán ser incluídos, con cargo ao Plan único 2023, contratacións feitas dende o 01 de xaneiro de 2023.

Vistos os informes de Secretaría e de Intervención que obran no expediente.

Vistos os antecedentes expostos e as Bases da convocatoria, de conformidade co artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Aprobar as BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (1 LIMPADOR/A DURANTE 6 MESES) QUE SE CONTRATEN NO CONCELLO DE SAMOS AO ABEIRO DO “PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO” DENTRO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2023 DA DEPUTACIÓN DE LUGO, as cales se xuntan ó presente.

SEGUNDO. Convocar publicamente a quen desexe participar nas citadas probas selectivas

TERCEIRO. Ordenar a publicación da convocatoria e das bases íntegras no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nos taboleiros de anuncios do Concello e da súa sede electrónica e realizar cantos trámites sexan necesarios para a súa publicación.

CUARTO. Dar conta ao Pleno da Corporación de conformidade co establecido no art. 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Así o resolve e asina o Sr. alcalde, ante mín, a secretaria.

Samos, 3 de febreiro de 2023.- O alcalde, Julio Gallego Moure. A secretaria, Luísa Fernández Pérez.

“BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (1 LIMPADOR/A DURANTE 6 MESES) QUE SE CONTRATEN NO CONCELLO DE SAMOS AO ABEIRO DO “PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO” DENTRO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2023 DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

1.-OBXECTO

1.1. Obxecto:

Constitúe o obxecto das presentes bases e a correspondente convocatoria, a regulación do procedemento de selección mediante o sistema de oposición de un (1) Limpador/a (categoría profesional limpador/a) para seren contratados como persoal laboral temporal *ao abeiro do “Programa de Reforzo do Emprego” que se incardina dentro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2023 da Deputación Provincial de Lugo (B.O.P. nº006 de 09/01/2023)*, para a execución de obras ou servizos mínimos obrigatorios de competencia municipal, de interese social e xeral.

Os custes salariais totais do traballador/a que se contrate, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos e a indemnización por finalización de contrato se financiarán coa achega económica da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

A Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 establece no seu apartado dous: “No se poderá proceder a contratación de personal temporal, así como ao nomeamento de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos excepto en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables”.

Tendo en conta as tarefas que desenvolverá o persoal que se contrate ao abeiro deste programa, non cabe dúbida que as mesmas se encadran dentro dos servizos prioritarios ou que afectan ao funcionamento de servizos públicos esenciais declarados polo Pleno Corporativo en sesión celebrada en data 03/08/2012 nas súas diversas funcións e categorías profesionais, servizos todos eles prestados directamente por este Concello en exercicio das competencias que lle son propias e que de xeito urxente e inaprazable deben ser prestados aos veciños en niveis óptimos de calidade.

1.2. Normas de aplicación:

A presente contratación laboral rexerase:

- Polo artigo 15, do Texto Refundido do Estatuto dos traballadores aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos Traballadores (TRET).

- R.D. 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada.

- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto lexislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local Galicia.
- Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, por o que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.
- Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades do Persoal ao Servizo da Administracións do Estado, da Seguridade Social e Dos entes, Organismos e Empresas dependentes.
- Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Asemesmo rexerese polo establecido no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2023 da Deputación Provincial de Lugo (B.O.P. nº006 de data 09/01/2023).

1.3. O sistema de selección dos aspirantes será o de **oposición**.

1.4. A presente convocatoria e as bases íntegras publicaranse no BOP, no taboleiro de anuncios do concello de Samos e no da súa sede electrónica (enlace concellosamos.sedelectronica.gal).

Os sucesivos anuncios relacionados co procedemento publicaranse no taboleiro de anuncios do concello e no da sede electrónica.

2. TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO

O contrato laboral que se formalizará coas persoas seleccionadas será de duración determinada (6 meses) a xornada completa na modalidade de eventual polas circunstancias da produción, para atender á acumulación de tarefas previsto no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores (TRET) e no artigo 3 do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro.

3. FUNCÍONS

O obxecto dos contratos laborais temporais que se celebren a resultados do proceso de selección o constituirá a realización de obras, servizos e actividades no territorio municipal que respondan a necesidades urxentes e inaprazables que afecten a sectores, funcións ou categorías profesionais prioritarias indispensables para poder satisfacer as necesidades básicas da vida persoal ou social das persoas particulares, de acordo coas circunstancias de cada momento ou lugar, ou necesarias para o benestar da veciñanza e, tamén, as que permitan asegurar o funcionamento regular da propia entidade e dos seus órganos de goberno e de dar cumprimento as distintas normativas xerais ou sectoriais de aplicación.

En particular, as seguintes:

- Acondicionamiento, mantemento, conservación e limpeza de infraestruturas, edificios e instalación de titularidade municipal.
- Colaborar con outros departamentos en distintas tarefas da actividade municipal.
- Aquelas outras que lle sexan encomendadas pola Alcaldía, neste marco xeral, respectando a súa categoría profesional, para unha máis organizada e eficiente desenvolvemento das tarefas e prestación dos servizos municipais.

4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para participar no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do TREBEP, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes:

a) Nacionalidade:

a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

a.3) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

c) Idade: ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Titulación: Estar en posesión ou en condicións de obtelo na data de remate do prazo de presentación de instancias (documento xustificativo de pagamento de taxas para expedición do título cando aínda non se dispoña do mesmo), do Certificado de escolaridade ou equivalente ou titulación superior, o cal se deberá acreditar mediante documento oficial fidedigno expedido polo Organismo competente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, na data de remate do prazo de presentación de instancias deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación, expedida polo Organismo competente.

f) Coñecemento da lingua galega: Para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na Administración Pública de Galicia e para garantir o dereito das administradas e dos administrados ao uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da Comunidade Autónoma, e a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6º.3 da Lei de Normalización Lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, salvo para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente. Polo tanto, quen non acredite o coñecemento da lingua galega mediante a aportación do CELGA 2 ou equivalente, deberá superar un exame de galego nos termos que se sinalan na base 8ª.

g) Estar en situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa, quedando excluídos os custes de persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do concello. (clausula 11ª.1 das bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2023).

h) Estar en posesión do permiso de conducir tipo B.

5. SOLICITUDES

5.1. A solicitude para tomar parte nas correspondentes probas selectivas axustarase ó modelo que figura como Anexo II ás presentes Bases e dirixirase ao Sr. alcalde do concello de Samos, no prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Se o último día do prazo coincide con sábado, domingo ou festivo, entenderase que o prazo remata o primeiro día hábil seguinte.

Xunto coa instancia solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residente.

Para o caso de que o aspirante cumpra o requisito da nacionalidade nos termos establecidos na letra a.3) da base 4ª, adicionalmente deberá presentar a documentación acreditativa do vínculo de parentesco xunto coa declaración xurada ou promesa do cónxuxe ou ascendente do que dependa de que non está separado de dereito ou de que a ou o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.

b) Documentación acreditativa do requisito de titulación esixido nas bases.

c) Tarxeta de demandante de emprego e vida laboral actualizada.

d) Permiso de conducir tipo B.

e) Acreditar o coñecemento da lingua galega, como mínimo, no nivel de CELGA 2 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia. Non obstante, no caso de non poder acreditar este título, realizará un exame de galego nos termos sinalados na base 8ª.

f) No seu caso, certificación acreditativa da condición de discapacitado e a súa compatibilidade.

A documentación poderá presentarse no Rexistro Xeral do Concello en horario de atención ao público (luns a venres de 9:00 a 14:30 horas) ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cando se envíe a documentación polos medios do art. 16.4 da Lei 39/2015, e co fin de axilizar os trámites, deberase remitir dentro do prazo de presentación de solicitudes, a instancia co selo da presentación na oficina de correos/ou Rexistro Xeral de Entrada correspondente ao correo electrónico concello.samos@gmail.com.

6. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a alcaldía ditará resolución no prazo máximo de tres (3) días hábiles, declarando aprobada a lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos da casa do Concello e no da sede electrónica e abrirase un prazo de dous (2) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Rematado o prazo de subsanación, ditarase resolución nun prazo de tres (3) días hábiles levando a definitiva a lista de admitidos e excluídos na que se sinalará a composición do tribunal cualificador, adata e hora na que se constituirá. No caso de que fosen admitidos tódolos aspirantes presentados, poderá ditarse directamente a lista definitiva de admitidos, sen prexuízo de que contra a mesma se poderá interpoñer os recursos procedentes en dereito.

Contra a resolución definitiva se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que poideran derivar da súa participación no procedemento.

Os datos personais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

7. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un dos cales actuará coma presidente/a e outro coma secretario/a do tribunal. O tribunal axustarase ao establecido nos artigos 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e 60 e 61 do RDL 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).

No mesmo decreto no que se aprobe a lista definitiva de candidatos admitidos e excluídos o alcalde nomeará os membros do tribunal e os seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) e se publicará nos taboleiros de anuncios do concello.

Consonte ao establecido no devandito artigo o tribunal terá a seguinte composición:

-Presidente/a: Un funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

-Secretario/a: o da Corporación ou persoa que faga as súas veces.

-Vogais: Tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo pertencentes a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Na designación dos membros do tribunal se garantirá a súa composición paritaria entre homes e mulleres, con só unha diferenza de un entrambolos dous sexos, ó ser a súa composición impar.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta, que se autorizará, coa signatura do secretario/a e co visto e prace do Presidente/a do tribunal.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal así como os asesores ou colaboradores que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas, agás que estean prestando servizos nesta entidade local.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.

8. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

O procedemento de selección será o de **oposición**, e o seu resultado será determinado polos obtidos nas seguintes probas (**puntuación máxima 20,00 puntos**):

PRIMEIRO EXERCICIO: Esta parte consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 20 preguntas (máis 2 de reserva para posibles impugnacións) con tres respostas alternativas nun tempo máximo de trinta minutos baseadas no contido do programa da convocatoria relacionado no ANEXO I. Só unha das respostas será a correcta, e cada unha acertada puntuarase con 0,50 puntos.

As respostas incorrectas restarán 0,25 puntos.

Puntuarase cun máximo de 10,00 puntos, quedando eliminados aqueles que non obteñan un mínimo de 5,00 puntos.

SEGUNDO EXERCICIO: Realización de unha ou varias probas prácticas relacionadas coas tarefas a desempeñar, a proposta polo Tribunal no tempo máximo de quince minutos.

Puntuarase cun máximo de 10,00 puntos, quedando eliminados aqueles que non obteñan un mínimo de 5,00 puntos.

Corresponderalle ao Tribunal determinar o nivel mínimo de coñecementos esixido para a superación desta proba.

PROBA DE GALEGO: Común e obrigatoria para aqueles candidatos que habendo superado todas as probas, non acreditaran o coñecemento da lingua galega como mínimo, no nivel de CELGA 2 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia. Os candidatos que se atopen nesta circunstancia deberán realizar un exame consistente en traducir un texto elixido libremente polo tribunal, sen diccionario, do castelán ao galego.

Esta proba terá unha duración máxima de 15 minutos.

Valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter a calificación de apto. O tribunal decidirá o nivel preciso para obter a condición de apto.

Os aspirantes serán convocados aos distintos exercicios provistos do seu D.N.I. en chamamento único. A non presentación comporta que decae automaticamente no seu dereito a participar no exercicio do que se trate e, xa que logo, quedara excluído do proceso selectivo.

9. RELACIÓN DE APROBADOS

O Tribunal publicará o resultado do proceso selectivo no taboleiro de anuncios do concello e no da sede electrónica. En caso de empate nas puntuacións resolverase a favor do aspirante que obtivese a puntuación máis alta no segundo exercicio da oposición e, se iso non fora suficiente, pola puntuación obtida no primeiro exercicio. De continuar o empate, resolveríase por sorteo público.

Finalizado o proceso de selección elevarase ao órgano competente proposta dos candidatos para a formalización dos correspondentes contratos laborais.

O tribunal non poderán aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de postos que se convocan. Non obstante o anterior, e co fin de asegurar a cobertura dos mesmos cando se produzan renuncias, baixas ou substitucións dos aspirantes seleccionados ou calquera outra circunstancia, o tribunal elaborará unha **lista de agarda** dos/as aspirantes que habendo superado todas as probas sigan aos propostos por orde de puntuación, para a súa posible contratación.

10. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

Os/as candidatos propostos para seren contratados deberán achegar no prazo máximo de dous (2) días hábiles, a seguinte documentación, agás que xa a presentara anteriormente xunto coa instancias de participación:

- 1) Certificación ou informe médico actualizados na que se faga constar expresamente que a ou o aspirantes reúne a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais do posto á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- 2) Copia compulsada da documentación acreditativa da titulación esixida na convocatoria.
- 3) Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.
- 4) Número de conta bancaria (IBAN).

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 4ª, non poderán ser contratados sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación. Neste caso se procederá a notificar ao candidato que obtivese a seguinte maior puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

11. FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS DE TRABALLO

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, o Sr. alcalde resolverá o proceso e se formalizarán os correspondentes contratos de traballo de duración determinada e a xornada completa.

12. IMPUGNACIÓN

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en vía administrativa, poderase interpor polos interesados lexitimados os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recuso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto recurrido en prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP. Se transcurriera un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición sen que este fora resolto, poderán entenderse que foi desestimado e interpor recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de seis meses.
- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do Tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa .

ANEXO I.-TEMARIO

Tema 1

Concello de Samos: Encadre territorial, poboación, parroquias e aldeas, vías de titularidade municipal, autonómica, provincial e competencias municipais.

Tema 2

Productos de limpeza. Identificación dos produtos de limpeza. Dosificación. Manipulación. Identificación dos perigos.

Tema 3

Útiles e maquinaria de limpeza.

Tema 4

Limpeza de edificios públicos. Aseos, mobiliario, áreas administrativas, equipos informáticos. Desinfección e ambientación.

Tema 5

Aspectos ecolóxicos da limpeza. Eliminación de residuos.

Tema 6

Limpeza de diferentes superficies: fiestras, cristais, teitos, paredes, diferentes tipos de chan.

Tema 7

Disposicións mínimas xerais de seguridade e saúde aplicable para a utilización polos traballadores de equipos de traballo. Condicións xerais de seguridade nos lugares de traballo. Normativa básica de sinalización e de equipos de protección individual. Prevención de riscos laborais.

ANEXO II.- MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN DE UN (1) POSTO DE PEÓN DE LIMPEZA DURANTE 6 MESES, EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN AO ABEIRO DO “PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO” DENTRO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2023 DA DEPUTACIÓN DE LUGO

D/a.....
provisto/a de D.N.I. nº..... con enderezo na
R/..... nº..... piso..... C.Postal.....
Localidade..... Municipio..... Provincia.....
Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo concello de Samos para a contratación laboral temporal a xornada completa, dos postos sinalados,

DECLARO:

PRIMEIRO.- Que coñezo na súa integridade e acepto as bases que rexen a convocatoria, e que reuno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido separado /a do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin encontrarse en inhabilitación absoluto ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer función similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral.

TERCEIRO.- Que no caso de ser nacional doutro Estado, non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidades recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

CUARTO.- Que autorizo ao concello do Samos para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

SOLICITO:

Ser admitido/a a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, para o cal presento a documentación seguinte (MARCAR O QUE PROCEDA) :

DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia.

No seu caso, documentación acreditativa do requisito da nacionalidade á que se refire a base 4ª, letra a.3).

Permiso de condución en vigor tipo B.

Acreditación do coñecemento da lingua galega, como mínimo, no nivel de CELGA 2 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

Documentación acreditativa de estar en posesión (ou en condicións de obtela na data de remate do prazo de presentación de instancias) da titulación esixida na convocatoria.

Documentación acreditativa do cumprimento do requisito de demandante de emprego.

No seu caso, certificación acreditativa da condición de discapacitado e a súa compatibilidade.

....., de.....de 2023

O/a solicitante,

Asdo.:

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SAMOS”

Samos, 3 de febreiro de 2023.- O alcalde, Julio Gallego Moure.

R. 0345

O VALADOURO

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE DECEMBRO DE 2022

Aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o día 25 de xaneiro de 2023, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia, correspondente ao mes de decembro de 2022 polo importe total de 6.489,97€.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro, 31 de xaneiro de 2023.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 0319

Anuncio

Taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo. 2º Semestre 2022.

Aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 25 de xaneiro de 2023 o Padrón da **Taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, correspondente ó 2º Semestre 2022**, ponse en coñecemento dos contribuíntes incluídos no mesmo que de conformidade co disposto no artigo 99.8 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, dispoñendo un prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín oficial da Provincia, a efecto de exame e reclamacións.

De non presentarse reclamacións entenderase definitivamente aprobado o Padrón empezando a contar o prazo dun mes para a interposición do recurso de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente. Contra a resolución expresa ou presunta do eventual recurso de reposición que no seu caso se formule poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora de dita xurisdicción.

O presente anuncio de aprobación dos Padróns ten o carácter de notificación colectiva óabeiro do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro.

ANUNCIO DE COBRANZA.

De conformidade co disposto no art. 24 do Regulamento xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo e 62.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario, dende o 1 de marzo de 2023 ata o 30 de abril de 2023.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes serán lle cargados nas contas bancarias o día 10 de abril de 2023.

O resto dos contribuíntes poderán efectuar o ingreso nas Oficinas Municipais, baixo advertencia de que transcurrido o prazo en período voluntario devengarase o recargo de apremio correspondente.

O Valadouro, 31 de xaneiro de 2023.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 0320

O VICEDO*Anuncio*

Por Resolución da Alcaldía de 01/02/2023 prestouse aprobación ás bases para a selección, mediante concurso oposición, dun/ha auxiliar de axuda a domicilio, a xornada completa, con adscrición ó servizo municipal de axuda no fogar do Concello do Vicedo, como persoal laboral temporal.

O prazo para presentación de solicitudes remata transcorridos oito días naturais dende a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da provincia.

Todas aquelas persoas interesadas en participar no proceso selectivo poderán retirar copia das bases no rexistro xeral do Concello do Vicedo ou consultalas no taboleiro de anuncios, na sede electrónica (www.concellodovicedo.org) ou no blog de emprego: empregovicedo.blogspot.com.

O Vicedo, 1 de febreiro de 2023.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 0321

VIVEIRO*Anuncio*

Na data 23 de decembro do 2022 a Sra. Alcaldesa do Concello de Viveiro ditou resolución aprobando a proposta de estrutura de custos para a contratación dos servizos enerxéticos e mantemento integral dos edificios públicos do Concello de Viveiro.

En cumprimento do disposto no artigo 9.7 c) do Real Decreto 55/2017, de 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei de 2/2015, de 30 de marzo, de dexindexación da economía española, se someterá a citada proposta a información pública por un prazo de vinte días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Diario Oficial de Galicia, ao obxecto de que calquera persona poida examinar o expediente e presentar, no seu caso, cantas alegacións estime oportunas.

Ademáis, se procede a súa publicación no taboleiro de anuncios municipal, onde poderá ser consultada, na seguinte páxina web: www.viveiro.es.

O que se fai para xeral conocimiento e aos efectos legais expresados.

Viveiro, 2 de febreiro de 2023.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 0331

Anuncio

Na data 23 de decembro do 2022 a Sra. Alcaldesa do Concello de Viveiro ditou resolución aprobando a proposta de estrutura de custos para a contratación dos servizos enerxéticos e mantemento integral do alumbrado público exterior do Concello de Viveiro.

En cumprimento do disposto no artigo 9.7 c) do Real Decreto 55/2017, de 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei de 2/2015, de 30 de marzo, de dexindexación da economía española, se someterá a citada proposta a información pública por un prazo de vinte días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Diario Oficial de Galicia, ao obxecto de que calquera persona poida examinar o expediente e presentar, no seu caso, cantas alegacións estime oportunas.

Ademáis, se procede a súa publicación no taboleiro de anuncios municipal, onde poderá ser consultada, na seguinte páxina web: www.viveiro.es.

O que se fai para xeral conocimiento e aos efectos legais expresados.

Viveiro, 2 de febrero de 2023.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 0359